

BASES ORGANIZATIVAS

V Andaina solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2026

Artigo 1. Andaina

“Solidaridade Galega co Pobo Saharauí”, SOGAPS, coa colaboración do Concello de Rianxo, organiza a **“V Andaina Solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2026”**, o sábado 22 de agosto de 2026.

A proba organízase a beneficio de SOGAPS, que recibirá o 100% do recadado a través das inscricións.

Artigo 2. Participantes

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen distinción de idade ou sexo sempre que se inscriban axeitadamente. As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Esta autorización deberá presentarse no momento da recollida da pulseira de participación. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma.

Non se permite a presenza de animais de compañía. Non está permitido participar no evento acompañado dun animal (can, gato...).

Artigo 3. Categorías

Establécese unha única categoría integrada pola totalidade dos participantes.

Artigo 4. Distancias e horarios

A **“V Andaina Solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2026”** conta con un percorrido circular, con saída e chegada no mesmo punto. Así, é posible facer un percorrido de 5 km. e outro de 11 km. aproximadamente, en función da condición física de cada participante.

O comezo da actividade será ás 10:00 horas do sábado 22 de agosto de 2026.

Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 2 percorridos na contorna do paseo marítimo e a senda litoral de Taragoña.

- 1 Percorrido verde: 5 km.
- 2 Percorrido Vermello: 11 km.

A saída do evento realizarase despois da actuación dos **Gaiteiros de Fogo Fatuo**, a partir das 10:00 horas.

Artigo 6. Inscripcións

Inscripción

En liña: ata o xoves 20 de agosto de 2026 ás 00:00 h.

- emesports.es

Presencial:

- Servizo de Deportes. Edif. Cuartel Vello. Praza Castelao, 9. 15920 Rianxo.
- Na Praza Castelao ata 15 minutos antes do inicio da proba.

Prezo

Andaina: establécese o prezo en función das idades dos participantes:

- 0 a 5 anos: gratuíto.
- 6 a 17 anos: 5 €.
- 18 en adiante: 10 €.

É obrigatorio inscribirse e retirar a pulseira para participar na andaina.

As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Esta autorización deberá presentarse no momento da recollida da pulseira de participación. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma.

Fila Cero

Doazón da cantidade desexada a través da pasarela de pago ata o xoves 20 de agosto de 2026 ás 00:00 h., e na Praza Castelao o día do evento.

Límite de prazas: haberá un límite de 250 inscricións.

Artigo 7. Retirada de pulseiras

Na Praza de Castelao o mesmo día da proba, a partir das 9:00 e ata o inicio da mesma.

Artigo 8. Agasallos

Agasallos

Camiseta conmemorativa para as primeiras 250 persoas que formalicen a inscrición.

Artigo 9. Servizos

Aparcadoiros

Aparcadoiro Público Municipal (gratuíto), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

Artigo 10. Outras consideracións

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscritos por SOGAPS e polo Concello de Rianxo respectivamente.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender o evento se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración do evento se decrete unha alerta laranxa o evento será suspendido automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

As persoas que durante o transcurso da andaina circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización e/ou monitores da andaina, considéranse a todos os efectos usuarias normais da vía.

Toda persoa que participe sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar dos obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros do evento.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen as participantes no evento.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización, e non está permitido o acompañamento das persoas participantes mediante o uso de vehículos de apoio.

As persoas participantes autorizan á organización (SOGAPS), aos colaboradores (Concello de Rianxo) e aos patrocinadores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación con fins de difusión, promoción e explotación para todo o mundo mediante calquera dispositivo (internet, publicidade impresa, etc.) sen límite temporal.